

Número 9 - Ano 2025

ACTA

da sesión EXTRAORDINARIA, en primeira convocatoria, celebrada polo Pleno do Excmo. Concello de Lugo o día

23 de setembro de 2025

No Salón de Sesiões do Excmo. Concello de Lugo, ás dez horas e cinco minutos do día vinte e tres de setembro de 2025; baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, DON MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ, reúnen-se os concelleiros e concelleiras DONA ELENA CANDIA LÓPEZ; DON ANTONIO AMEIJIDE OSORIO; DON JAVIER VÁZQUEZ PRADO; DONA FLORA RUBINOS ROIS; DONA SILVIA COLMENERO GUZMÁN; DON RAMÓN MANUEL CABARCOS RODRÍGUEZ; DON AGUSTÍN GALLEGÓ VIGO; DONA AURORA AIDA GOÁS CASTRO; DON GUSTAVO ENRIQUE DÍAZ REY; DONA MARÍA DEL MAR CARBALLAS PIÑEIRO; DON DAMIÁN CARBALLO MÉNDEZ; DON MAURICIO VICTORIO REPETTO MORBÁN, Ilmo. tenente de alcalde delegado da Área Dinamización Económica e Relacións Internacionais; DONA ANA MARÍA GONZÁLEZ ABELLEIRA, Ilma. tenenta de alcalde delegada da Área de Cohesión Territorial; DONA OLGA LÓPEZ RACAMONDE, Ilma. tenenta de alcalde delegada da Área de Cohesión Social; DON JORGE BUSTOS ATANASIO, concelleiro delegado de Urbanismo, Deportes e Xuventude; DONA MARÍA DE LOS ÁNGELES NOVO MARTÍNEZ, concelleira delegada de Muller, Igualdade e Inclusión; DON WALDIR SINISTERRA RESTREPO, concelleiro delegado de Movementos Migratorios; DON RUBÉN ARROXO FERNÁNDEZ, Ilmo. tenente de alcalde delegado da Área de Mobilidade e Infraestruturas Urbanas; DONA TAREIXA ANTÍA FERREIRO TALLÓN, Ilma. tenenta de alcalde delegada da Área de Cultura, Turismo e Promoción da Lingua; DON ALEXANDRE PENAS ROIBÁS, concelleiro delegado de Infraestruturas Urbanas; DONA MARÍA CRISTINA LÓPEZ FERNÁNDEZ, Ilma. tenenta de Alcalde da Área de Participación e Servizos para a Veciñanza; e DONA IRIA BUIDE PENA, concelleira delegada de Educación e Difusión do Coñecemento, co obxecto de celebrar sesión extraordinaria do Excmo. Concello Pleno, en primeira convocatoria, conforme á correspondente orde do día.

Para os efectos de votación, faise constar que a Corporación municipal está formada por vinte e cinco concelleiros de feito e de dereito, incluído o presidente.

Non asisten DONA CRISTINA SANZ ARIAS nin DON ÁNGEL PABLO PERMUY VILLANUEVA.

Dá fe do acto a Secretaria Xeral do Pleno, dona Ana María Rivas García, e está presente o Interventor Xeral Municipal don Luis Ramón Vázquez Parga.

ACTAS E GOBERNO

ARG/jch

Refº: ispac6245557563615809787.doc

Asunto: PLENO EXTRAORDINARIO DO 23-9-2025

Esta sesión foi convocada por resolución da Alcaldía do 18 de setembro de 2025 e notificada por Secretaría aos membros da Corporación conforme ao seguinte ORDE DO DÍA:

1/117 QUE O CONCELLO DE LUGO ASUMA A RESPONSABILIDADE DE LIDERAR O PROCESO DE CONTROL METROLÓXICO DOS CONTADORES DE AUGA POTABLE QUE LEVAN MÁIS DE 12 ANOS INSTALADOS E QUE DEBEN SER VERIFICADOS OU SUBSTITUÍDOS.

2/118 CLARIFICAR AS FÓRMULAS DE COLABORACIÓN ECONÓMICA NO PROCESO DE VERIFICACIÓN OU SUBSTITUCIÓN DE CONTADORES, ASÍ COMO A ACTUACIÓN DA CIDADANÍA A ESTE RESPECTO E A PRESENTACIÓN DUNHA PLANIFICACIÓN CLARA E CUMPRIBE.

Aberto o acto, EXCMO. SR. ALCALDE PRESIDENTE, DON MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ: Ben, bos días a todos a todos e a todas, benvidos e benvidas. Imos dar comezo a este Pleno extraordinario, que consta de dous puntos na orde do día, pero, como acordamos na Xunta de Voceiros, vanse debater conxuntamente, aínda que despois se voten por separado... (Voces de fondo de DON RAMÓN MANUEL CABARCOS RODRÍGUEZ, indicando que na Xunta de Voceiros se quedará tamén en que se votaban conxuntamente) Ah! Vale! Perfecto!... Dixen mal, efectivamente tes razón, as dúas cousas conxuntas, debate conxunto e votación conxunta. Así que nada, aclarado este termo, empezamos.

Seguidamente, e da súa orde, entrase no exame dos asuntos incluídos na orde do día, e en relación con ela, adóptanse os seguintes ACORDOS:

1/117 QUE O CONCELLO DE LUGO ASUMA A RESPONSABILIDADE DE LIDERAR O PROCESO DE CONTROL METROLÓXICO DOS CONTADORES DE AUGA POTABLE QUE LEVAN MÁIS DE 12 ANOS INSTALADOS E QUE DEBEN SER VERIFICADOS OU SUBSTITUÍDOS (Exp. 2025/G004/000550).-

A) Vista a solicitude de celebración dun pleno extraordinario formulada polo Grupo Municipal do Partido Popular, número 241/2025 de Rexistro de Pleno, para tratar as condicións de instalación e características dos novos contadores da auga.

B) Visto o requirimento formulado pola Alcaldía o día 2 de setembro de 2025, no que insta ao grupo solicitante a concretar as propostas de acordo que se pretende sexan adoptadas polo Pleno.

C) Visto o informe da Secretaría Xeral, do 3 de setembro de 2025, obrante no expediente.

D) Visto, así mesmo, a contestación do devandito grupo municipal, número 242/2025 de Rexistro de Pleno, do seguinte teor:

“Á vista do requirimento recibido con data 02-09-2025, relativo ao escrito rexistrado co número 241/2025 no Rexistro de Pleno, no que este grupo solicita a convocatoria dunha sesión plenaria extraordinaria en relación coa instalación dos contadores de auga no noso concello e, en cumprimento do disposto no mesmo, procedemos a reformular a solicitude, cooncretando os termos dos acordos que se propoñen para a súa inclusión na orde do día.

“O GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, ao abeiro do previsto no artigo 46.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, así como o artigo 78 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (ROF), solicita a celebración dun **pleno extraordinario**

o EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

- Dende o ano 2020 é coñecido que os contadores de auga con máis de 12 anos deben ser substituídos ou verificados, segundo establece a Orde ICT/155/2020. O prazo para esa encomenda remata o próximo 24 de outubro.
- O Goberno local mantivo unha actuación errática, enviando cartas con advertencias de sancións (como pode verse a continuación) e, pouco despois, solicitando agardar pola resolución duns fondos europeos PERTE que xa se sabían denegados, xerando confusión entre a cidadanía e os profesionais do sector. Esta resolución, de data 06/08/2025, deixou excluído ao Concello de Lugo, unha oportunidade perdida para acceder a financiamento estatal destinado á modernización das infraestruturas hidráulicas e á mellora da eficiencia na xestión da auga.

Esta falta de planificación e transparencia por parte do Goberno municipal está a provocar incerteza entre os veciños e unha situación de inseguridade xurídica que require unha resposta inmediata por parte da Corporación

“COMUNICACIÓN: *INSTALAR NOVO CONTADOR DE AUGA* SERVIZO DE AUGAS

COMUNÍCASELLE A OBRIGA DE INSTALAR UN NOVO CONTADOR HOMOLOGADO OU PROCEDER Á VERIFICACIÓN DO CONTADOR INSTALADO POR ORGANISMO AUTORIZADO POR TER UNHA ANTIGÜIDADE SUPERIOR A DOCE ANOS. (INSTALADO NO ANO 1968 y 2005)

Normativa aplicada: ORDE ICT/155/2020, de 7 de febreiro, Anexo III: contadores de auga, apartado 4), o artigo 8.3 da Lei 32/2014, de 22 de decembro, artigo

ACTAS E GOBERNO

ARG/jch

Refº: ispac6245557563615809787.doc

Asunto: PLENO EXTRAORDINARIO DO 23-9-2025

16.2 do Real Decreto 244/2016, de 3 de xuño, a vida útil dos contadores de auga é de doce anos, que poderá ser ampliado por períodos sucesivos de cinco anos se previa verificación metrolóxica, realizada por un organismo autorizado, o contador cumpre cos requisitos recollidos no apéndice III deste anexo.

Documentación que debe achegar ao Concello:

- Se instala novo contador: tarxeta ou informe do instalador autorizado, que indique os datos do novo contador (marca, calibre, díxitos, data de verificación e data de colocación así como enderezo do subministro)*
- Se verifica o bo funcionamento de contador xa instalado: informe favorable da verificación realizada por organismo autorizado.*

De non facerse, e visto que non está en boas condicións de funcionamento, procederase a incrementar a facturación segundo o artigo 38 da Ordenanza Fiscal da taxa de subministración de auga, sen prexuízo da comunicación que o Concello dará á administración pública competente en materia de auga no ámbito territorial que establecerá as pautas de actuación e sancións correspondentes.

Un saúdo"

(Transcripción do correo remitido a un usuario o 21 de xuño de 2024)

Por todo o exposto e vista a falla de información, solicitamos a celebración do pleno extraordinario.../...'

Tendo en conta que a sesión extraordinaria está prevista para o día 23 de setembro de 2025, con base nas solicitudes e informe recollidos anteriormente, se propón a adopción do seguinte acordo:

Que o Concello de Lugo asuma a responsabilidade de liderar o proceso de control metrolóxico dos contadores de auga potable que levan máis de 12 anos instalados e, que en cumprimento da disposición transitoria 1ª da normativa estatal recollida na Orde ITC/155/2020, do 7 de febreiro, deben ser verificados ou substituídos antes do 24 de outubro de 2025.

Así mesmo, no marco deste proceso de substitución ou na instalación de equipos en novas edificacións/rehabilitacións, requírese que o goberno local aclare no prazo de dous (2) días cales son os modelos de contadores de auga potable homologados que valida para a súa instalación, co fin de garantir que sexan compatibles co sistema de lectura previsto polo Concello. O obxectivo é evitar que os dispositivos novos non teñan que ser retirados nun futuro próximo por non adaptarse á planificación técnica establecida pola administración local.

Tras a deliberación efectuada, sométese o asunto a votación conxuntamente co punto 2/118 da orde do día, acadándose os seguintes resultados:

Votos emitidos: 23

- Votos a favor:** 11 do Grupo Municipal do Partido Popular.
- Votos en contra:** 12 dos Grupos Municipais do Partido Socialista de

Galicia-PSOE e do Bloque Nacionalista Galego.

- **Abstencións:** 0

En virtude de todo o cal, o Excmo. Concello Pleno **ACORDA** REXEITAR a proposta de acordo presentada polo Grupo Municipal do Partido Popular, anteriormente transcrita.

DELIBERACIÓN

EXCMO. SR. ALCALDE PRESIDENTE, DON MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ:
Ten a palabra a voceira do Partido Popular, señora Silvia Colmenero, cando queira.

DONA SILVIA COLMENERO GUZMÁN: Gracias, señor alcalde. Buenos días a todos.

Señoras y señores concejales, ¿saben que es esto? Pues esto es una baliza v16, una baliza de emergencia conectada a la DGT, y que tiene... es un dispositivo luminoso que se coloca en el techo de los vehículos y, como ven, es mucho más avanzado, y más seguro para los conductores que las clásicas señales de triángulo que se colocan en las calzadas. A partir del 1 de enero del 2026, estas balizas van a ser obligatorias para todos los vehículos que estén matriculados en España, y ¿por qué? Porque lo exige una norma; una norma que tiene como objetivo garantizar la seguridad vial, el Reglamento general de vehículos. Ahora bien ¿qué es un contador de agua limpia conectado a la red de suministro de agua municipal?, pues es un equipo que tenemos o debiéramos de tener en nuestros hogares y negocios y que mide el consumo de agua potable, no la de riego, ni el agua caliente, ni la de procesos industriales, y que gracias a ella pagamos una tasa municipal por lo que realmente consumimos, ni un euro más ni un euro menos. También podría servir para otros usos, como la detección de fugas, fomentar el uso responsable de agua, bueno en fin. Como todo dispositivo de medida con su uso tiene un desgaste y pierde precisión, y es por eso que el legislador estatal -el Ministerio de Industria-, consciente que buena parte del parque de contadores de agua de toda España, no mide correctamente, aprobó una norma técnica, al igual que ocurrió con esta baliza que mejora estos equipos y que tiene como fin pues que midan mejor. ¿Cuál es esa norma?, pues la norma ICT 155/2020 de la que hemos hablado en este Pleno a lo largo de este año, que tiene como fin pues establecer una vida útil de 12 años para los contadores, que deben verificarse o ser substituidos por unos homologados; para los antiguos, concedía un plazo de cinco años, y este plazo finaliza dentro de un mes, el 24 de octubre de este año.

En Lugo casi el 98% de los contadores de agua potable son propiedad de los vecinos, de los abonados. Esto no es lo habitual de las grandes ciudades. Lo normal es que los contadores sean del propio Concello o de una empresa concesionaria. Por otro lado, estamos viendo que otras ciudades: Madrid, Coruña, Vigo, Pontevedra, Ferrol, Ourense y pueblos más cercanos Palas, Sarria, en fin, llevan cambiando contadores y sin coste alguno para sus vecinos durante todos estos meses, incluso desde el año pasado. ¿Qué pasa en Lugo?, ¿Quién tiene

realmente la responsabilidad de verificar o cambiar los contadores?, ¿Vecinos o el Concello? Pues la norma lo dice muy claro: el responsable primero es el titular, el propietario del contador. Pero la norma también matiza que cuando el titular es el propio abonado, caso de Lugo, el gestor, el órgano gestor, que es el Concello, está obligado a liderar el proceso. Y ¿qué es liderar el proceso?, pues es decidir, planifica, regular, ofrecer información cierta, clara y correcta, ¿y eso está sucediendo en Lugo?, pues no, lamentablemente no. A día de hoy, ni vecinos ni fontaneros sabemos qué contadores de entre los que hay en el mercado homologados podemos instalar en nuestros domicilios o negocios. Es evidente que tienen que ser compatibles con la red municipal de suministro y también con el sistema de lectura que se pretende implementar, que se entiende que avanzaremos hacia la lectura remota. Muchos concellos ya han accedido a fondos europeos y están instalando gratuitamente contadores inteligentes con lectura remota, y el Concello de Lugo se presentó a tres convocatorias del PERTE del agua y no consiguió ni un euro de los 550 millones disponibles. Generó una falsa expectativa de que asumiría el coste de los contadores y, finalmente, sin fondos, sin plan B, como se pudo evidenciar, piden esperar, pero esperar a qué. Si el plazo está a punto de rematar, ¿se imaginan que ustedes, el Gobierno municipal, también nos dijeran a los conductores de Lugo “oigan no pongan esto después del uno de enero del 26”?, pues esto es exactamente lo que están haciendo con los contadores de agua. Además de desinformar e improvisar, están animando a los vecinos a incumplir una obligación normativa en plazo. Es por eso que desde el Grupo Municipal del Partido Popular nos hemos visto obligados a solicitar este pleno extraordinario para exigirles al Gobierno municipal, al PSOE y al BNG, que asuma su responsabilidad de liderar este proceso y emitan un pronunciamiento oficial y claro, diciéndonos qué modelos homologados de todos los que existen en el mercado se pueden instalar en Lugo, qué respaldo económico tendrán los vecinos y cómo van a garantizar que se cumpla la Orden antes del 24 de octubre. Muchas gracias.

EXMO. SR. ALCALDE PRESIDENTE, DON MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ: Moitas grazas. Ten agora a palabra o voceiro do Grupo Socialista, señor Jorge Bustos.

DON JORGE BUSTOS ATANASIO: Moitas grazas, alcalde.

Bueno, primeiro grazas por poñer o exemplo das balizas v16, porque nunha primeira búsqueda en Google, xa a primeira noticia que sae é que o risco da dispoñibilidade das balizas v16 obrigatorias. Qué quero dicir con isto? Habrá stock suficiente para que todos os españois no 2026 teñan a baliza e imos multalos? Pois unha cousa parecida está a pasar cos contadores.

Vou intentar explicalo dunha maneira rápida, clara e concisa para que, ben, a ver se conseguimos que os concelleiros e concelleiras do Partido Popular pois o entendan. Si que é verdade que a instrución ICT 155/2020 informa de que os contadores que teñan máis de 12 anos -cunha prórroga extensible a cinco-, pois que hai que cambialos, é de obrigado cumprimento, si que é verdade. Logo aquí xa empezan a

vir as luces e as sombras na proposición que presentastes e ao final non deixamos de ter a posición habitual do Partido Popular, pouco construír e moito enredar. E dígoos porque o primeiro é que teño que afearlles crear unha polémica menosprezando o traballo municipal do Servizo de Augas e o Servizo de Medio Ambiente, cun fin claro que é un rédito partidista. Por qué digo isto? Porque ben, despois de consultar cos departamentos correspondentes, pois a carta transcrita nesta proposición, enviáronse arredor dunhas 100, e o que din esas cartas é que os que non teñan contadores, que teñen que poñelos, contadores homologados, non dixitais, nin analóxicos, contadores homologados. Si que o pon na carta, principalmente porque na propia ordenanza que vostedes están a mencionar, no artigo 30. Contadores “Para o debido coñecemento control de consumos que realizan os usuarios, instalaranse contadores debidamente homologados...”, non dixitais, non analóxicos, “homologados” o pon a propia ordenanza municipal. E despois, cando imos falar das multas, que tamén sae dunha parte da proposición, no artigo 38, “No caso de paralización dun contador ou desarranxo, segunda adxudicación, non se pode servir de base para unha medición, liquidarase o consumo conforme ó período do ano anterior”...paralización dun contador, é dicir que se o contador estamos na obriga de cambialo porque xa pasaron os 12 máis cinco anos que marca a lei, se pode cambiar por un dixital, un analóxico, que é o que fixo... Agora que explicamos este tema, imos explicar o tema dos Fondos Europeos, o PERTE. O que di a normativa europea nesta primeira instancia é que todos os concellos teñan un sistema de lectura dixital, “sistema de lectura” non que todos os contadores do país estean cambiados a modo dixital, principalmente polo que expliquei nada máis empezar esta primeira quenda e de que o primeiro é lóxica, non hai stock para cambiar todos os contadores de Lugo, da provincia, da comunidade, do país, iso o primeiro, e o segundo, hai que facer as cousas dunha maneira controlada, ordenada, e vostede sabe desa.... magnitude ¿vanse cambiar todos os contadores a dixitais antes do 2027?, vai pasar igual que coas balizas que acaba de amosar.

Iso por un lado. Despois gústame porque na proposición agora sodes videntes e decides que xa sabíades que non nos ían dar o PERTE, -o 6 de agosto, saíu a resolución-, o último Pleno en xullo, estabamos a falar tamén deste mesmo caso, dos contadores dixitais, se foran videntes, por qué non sacaron xa unha proposición nese Pleno, porque xa o sabían. Se sodes tan bos videntes dicídeme a combinación de Euromillóns, dicídeme porque é que non acabo de entender. Se o sabíades porque non pedides unha proposición no Pleno de xullo, e agora aquí, en vez de pedir una comparecencia, o que estamos a facer é un pleno extraordinario para intentar enredar cada vez se cabe á poboación. Pero, ben, son cousas que, polo menos a min, escámanme. Pero ben, como o que queremos é sempre buscar un titular, enredar, pois ben, din de falta de información. Nós, como Concello, unha vez que preguntamos aos responsables dos departamentos de Auga e Medio Ambiente, cousa que vostedes non sei se o fixeron, eu creo que non, porque despois de falar cos xefes de sección e servizo non os viron por alí, é mellor disparar e logo preguntar, pois, ben unha vez que tiñamos clara cal era a liña de acción que iamos seguir para acometer esta transición dixital e con informes

técnicos, que eu supoño que tamén vostedes se basearán en informes técnicos - non en preguntar e mirar a ver qué pasa polas noticias, a ver cómo podemos crear máis crispación-, sacamos un comunicado para non enredar á xente, esto é liderar o cambio á transición dixital. Por tanto, non sei porque o seu empeño en enredar a situación para buscar réditos partidistas.

O EXCMO. SR. ALCALDE, DON MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ: Gracias. Ben, pois segunda quenda para a voceira do Partido Popular: Cando queira.

DONA SILVIA COLMENERO GUZMÁN: Gracias. Señor Bustos, no diga lo que yo no he dicho ni he insinuado. Mi respecto por la independencia y la profesionalidad de los funcionarios públicos es absoluto. Un servicio mal dimensionada o una RPT no cubierta es una responsabilidad política no un problema administrativo. En cuanto a lo que dice de la resolución del Perte, tengo que decirle que esa resolución, la fecha en la que fue firmada por un ministerio de su Gobierno es anterior a vuestro comunicado, es anterior, la resolución ya estaba firmada en fecha anterior, dos o tres días antes, lo tengo por aquí, dos o tres días antes de que ustedes comunicaran en su página web que esperen, señores ciudadanos, no pongan sus contadores, que a lo mejor vamos a recibir una subvención. Por favor, revísenlo. De todas formas, me alegra que en su intervención parece que si que reconoce que liderar el proceso le compete a ustedes, al Gobierno municipal. De todas formas, eso no siempre fue así. Inicialmente trasladaron todas la responsabilidad de escoger los contadores a los vecinos, y las pruebas están ahí, y entre ellas esta carta, ahora están reculando, pero aquí sí que viene moi claramente que obligan a instalar un nuevo contador ou a verificarlo a los que pasaron más de 12 anos e *que, de non facerse, procederase a incrementar a súa facturación polo artigo segundo da ordenanza...* Sí que lo dice muy claramente, pode volver a leerlo o lo leeremos despues, si quiere usted después del pleno. Está claro que durante estos cinco años a ustedes no lideraron; improvisaron, dieron bandazos y generaron confusión. Y resulta evidente también que, lejos de trabajar, han reaccionado a la presión de esta oposición. En todo caso, siguiendo nuestra labor de fiscalización, y ya que sacó usted este documento, lo tengo yo también por aquí, este panfleto, yo le llamo panfleto, el panfleto informativo, este, lo tengo aquí, este panfleto desinformativo, porque más bien es informativo, publicidad pagada, porque lejos de informar enreda, y aunque nos acusa de enredar, omite datos clave y comete errores graves. Se lo voy a desmontar, a ver si me da tiempo.

El primer punto: vou recibir multas senón cambio contador? Non, o Concello non enviou ningunha sanción. El Concello non pode enviar sanciones porque no tener cambiado contador cuando finaliza su vida útil no es competencia municipal. El control metrológico no es competencia municipal, no pueden sancionar por ello. Por lo único que pueden sancionar es por los contadores parados o averiados. Y sobre eso..., no es lo mismo, no es lo mismo un contador parado o averiado, hay que demostrarlo. Otra cosa es que pasará su vida útil, más de 12 anos, vale? Y sobre eso le digo que hay un informe de su jefa de servicio, del Servizo de Augas, donde

dice que hay más de cien expedientes de contadores parados que aún no tramitó, así que veremos en que para.

Segundo punto, que vida útil...?

O EXCMO. SR. ALCALDE, DON MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ: Rematou o seu tempo. Quenda agora de novo para o voceiro do Goberno. Cando queira.

DON JORGE BUSTOS ATANASIO: Moitas grazas alcalde. O primeiro, a resolución do Perte, unha vez que chegou, porque non é o mesmo contar cos fondos europeos para facer unha dixitalización onde poderíamos acometer os case 900 contadores municipais dunha atacada e poñelos dixitais cunha plataforma dixital acorde, o contador que se poña, unha vez que soubemos que non tiñamos eses fondos europeos resoltos favorablemente, o que se fixo foi escalar o proxecto, é o primeiro que se fixo foi falar coas asociacións pertinentes para buscar unha solución que nos permita facer unha transición dixital ordenada, económica e posible para unha cidade como a nosa. Iso o primeiro. Despois, en relación ao que está falando vostede de que non podemos multar, evidentemente nós, os aparatos, non podemos multar porque non midan ben nós as multas que podemos poñer é porque non funciona o contador, porque en calquera vivenda, en calquera edificio municipal, en calquera residencia ten que haber un contador de auga, e o dixen moi claro porque no artigo 30 pon claramente: *instrumentos de medición para poder contabilizar á auga*. Entón, se nós non multamos, o propio ministerio sacou unha nota aclaratoria cando saíu a orde, onde o primeiro punto di: a orde non establece ningunha sanción.

Se nós non sancionamos, se o ministerio non sanciona, quen vai ser o que sancione, a Xunta de Galicia? Vai sancionar a Xunta de Galicia ao Concello de Lugo, e logo aos concellos de Vigo, Coruña, Ourense, Foz, San Cibrao o vains multar? Cando o concello non vai a multar e o ministerio non vaia multar. Está a dicirnos que, ademais de non darnos o canon de auga, vannos a seguir multando, vannos a seguir transferindo competencias ás cidades, vannos seguir afogando en non dar cartos. Home, por favor, por se non multan uns nin multan outros e, segundo vostede vaise multar, dous máis dous son un catro.

Eso por un lado. Pero, ben, vou rematar, principalmente falando da proposición. Xa estamos a liderar o cambio á transición dixital que estamos a realizar co ciclo da auga. E, segundo, se nós non ocultamos e o ministerio non multa, gustaríame que me explicara quen vai a multar. Entón non podemos apoiar a proposición cando o primeiro punto xa estamos traballando niso e no segundo, nós non temos moi claro de quen vai ser o artífice de poñer as multas á cidadanía, así que nada, Moitísimas grazas.

O EXCMO. SR. ALCALDE, DON MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ: Moitas grazas Sr. Bustos. Última quenda para a voceira do Partido Popular.

DONA SILVIA COLMENERO GUMÁN: Señor Bustos, e demais concelleiros, xa non vou falar de multar, porque non se trata de falar de multar, trátase de falar de por

qué vostedes non fixeron o seu traballo. Tiveron cinco anos para planificar, condicionaron a instalación de estes contadores aos fondos Perte, pero tiñan que ter un plan B, tiñan que ter un plan B e demostrouse que non o teñen. Coruña está poñendo contadores, non son dixitais, son analóxicos, pero leva un montón postos, aquí non temos ningún, salvou de catro ousados que tiraron para adiante. Mire, din aquí no punto catro, porque non me dá tempo, que a normativa de telelectura entra no 2027 aquí, están mesturando *churras con merinas*. Corríxano, por favor, corrixano. Isto é para os contadores de rego, de captacións de dominio público hidráulico e tamén para os de auga quente, nada que ver cos da taxa de subministro municipal. En fin, creo que neste tema, soñar, vostedes soñaban por un Lugo mellor... Non me dá tempo. Quedamos así. Voten a favor, por favor.

O EXCMO. SR. ALCALDE, DON MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ: Ben, pois rematado o debate imos proceder, tal e como acordamos na Xunta de Voceiros e moi ben corrixiu o señor Cabarcos, á votación conxunta de ambos puntos.

2/118 CLARIFICAR AS FÓRMULAS DE COLABORACIÓN ECONÓMICA NO PROCESO DE VERIFICACIÓN OU SUBSTITUCIÓN DE CONTADORES, ASÍ COMO A ACTUACIÓN DA CIDADANÍA A ESTE RESPECTO E A PRESENTACIÓN DUNHA PLANIFICACIÓN CLARA E CUMPRIBLE (Exp. 2025/G004/000551).

A) Vista a solicitude de celebración dun pleno extraordinario formulada polo Grupo Municipal do Partido Popular, número 241/2025 de Rexistro de Pleno, para tratar as condicións de instalación e características dos novos contadores da auga.

B) Visto o requirimento formulado pola Alcaldía o día 2 de setembro de 2025, no que insta ao grupo solicitante a concretar as propostas de acordo que se pretende sexan adoptadas polo Pleno.

C) Visto o informe da Secretaría Xeral, do 3 de setembro de 2025, obrante no expediente.

D) Visto, así mesmo, a contestación do devandito grupo municipal, número 242/2025 de Rexistro de Pleno, do seguinte teor:

“Á vista do requirimento recibido con data 02-09-2025, relativo ao escrito rexistrado co número 241/2025 no Rexistro de Pleno, no que este grupo solicita a convocatoria dunha sesión plenaria extraordinaria en relación coa instalación dos contadores de auga no noso concello e, en cumprimento do disposto no mesmo, procedemos a reformular a solicitude, cooncretando os termos dos acordos que se propoñen para a súa inclusión na orde do día.

“O GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, ao abeiro do previsto no artigo 46.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, así como o artigo 78 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime

Xurídico das Entidades Locais (ROF), solicita a celebración dun **pleno extraordinario**

o

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

- Dende o ano 2020 é coñecido que os contadores de auga con máis de 12 anos deben ser substituídos ou verificados, segundo establece a Orde ICT/155/2020. O prazo para esa encomenda remata o próximo 24 de outubro.
- O Goberno local mantivo unha actuación errática, enviando cartas con advertencias de sancións (como pode verse a continuación) e, pouco despois, solicitando agardar pola resolución duns fondos europeos PERTE que xa se sabían denegados, xerando confusión entre a cidadanía e os profesionais do sector. Esta resolución, de data 06/08/2025, deixou excluído ao Concello de Lugo, unha oportunidade perdida para acceder a financiamento estatal destinado á modernización das infraestruturas hidráulicas e á mellora da eficiencia na xestión da auga.

Esta falta de planificación e transparencia por parte do Goberno municipal está a provocar incerteza entre os veciños e unha situación de inseguridade xurídica que require unha resposta inmediata por parte da Corporación

“COMUNICACIÓN: INSTALAR NOVO CONTADOR DE AUGA SERVIZO DE AUGAS

COMUNÍCASELLE A OBRIGA DE INSTALAR UN NOVO CONTADOR HOMOLOGADO OU PROCEDER Á VERIFICACIÓN DO CONTADOR INSTALADO POR ORGANISMO AUTORIZADO POR TER UNHA ANTIGÜIDADE SUPERIOR A DOCE ANOS. (INSTALADO NO ANO 1968 y 2005)

Normativa aplicada: ORDE ICT/155/2020, de 7 de febreiro, Anexo III: contadores de auga, apartado 4), o artigo 8.3 da Lei 32/2014, de 22 de decembro, artigo 16.2 do Real Decreto 244/2016, de 3 de xuño, a vida útil dos contadores de auga é de doce anos, que poderá ser ampliado por períodos sucesivos de cinco anos se previa verificación metrolóxica, realizada por un organismo autorizado, o contador cumpre cos requisitos recollidos no apéndice III deste anexo.

Documentación que debe achegar ao Concello:

- *Se instala novo contador: tarxeta ou informe do instalador autorizado, que indique os datos do novo contador (marca, calibre, díxitos, data de verificación e data de colocación así como enderezo do subministro)*
- *Se verifica o bo funcionamento de contador xa instalado: informe favorable da verificación realizada por organismo autorizado.*

De non facerse, e visto que non está en boas condicións de funcionamento, procederase a incrementar a facturación segundo o artigo 38 da Ordenanza Fiscal da taxa de subministración de auga, sen prexuízo da comunicación que o Concello dará á administración pública competente en materia de auga no ámbito territorial que establecerá as pautas de actuación e sancións correspondentes.

Un saúdo”

(Transcripción do correo remitido a un usuario o 21 de xuño de 2024)

ACTAS E GOBERNO

ARG/jch

Refº: ispac6245557563615809787.doc

Asunto: PLENO EXTRAORDINARIO DO 23-9-2025

Por todo o exposto e vista a falla de información, solicitamos a celebración do pleno extraordinario.../...'

Tendo en conta que a sesión extraordinaria está prevista para o día 23 de setembro de 2025, con base nas solicitudes e informe recollidos anteriormente, se propón a adopción do seguinte acordo:

Clarificar as fórmulas de colaborar economicamente no proceso de substitución ou na verificación de contadores, no que pedimos que non descarten o estudo de bonificación nos recibos así como cal debe ser a actuación da cidadanía en relación cos contadores de auga, e presente unha planificación clara e cumprible para dar resposta á obriga legal vixente

Tras a deliberación efectuada, sométese o asunto a votación conxuntamente co punto 1/117 da orde do día, acadándose os seguintes resultados:

Votos emitidos: 23

- | | | |
|--------------------|----|--|
| - Votos a favor: | 11 | do Grupo Municipal do Partido Popular. |
| - Votos en contra: | 12 | dos Grupos Municipais do Partido Socialista de Galicia-PSOE e do Bloque Nacionalista Galego. |
| - Abstencións: | 0 | |

En virtude de todo o cal, o Excmo. Concello Pleno **ACORDA** REXEITAR a proposta de acordo presentada polo Grupo Municipal do Partido Popular, anteriormente transcrita.

DELIBERACIÓN

Asunto debatido conxuntamente co punto número 1/117 da orde do día. As intervencións producidas figurá ao pé do referido acordo.

E non habendo máis asuntos de que tratar, a o Excmo. Sr. alcalde dá por rematada a sesión, ás dez horas e vinte e cinco minutos do expresado día vinte e tres de setembro de dous mil vinte e tres, estendéndose esta acta que, de acordo co establecido no artigo 110.2 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado polo Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, unha vez aprobada polo Excmo. Concello Pleno, transcribírase ao Libro de Actas. De todo o cal, eu, dona Ana María Rivas García, secretaria xeral do Pleno, dou fe.